

6.1. Inscripción de empresas e apertura de centros de traballo

Inclúense neste apartado dous datos que, se ben non poden tomarse como reflexo real do número de empresas de Galicia, si poden considerarse como un índice aproximado, aínda que requiren precisión en cada apartado.

6.1.1. Inscripcións de empresas

As cifras que se inclúen non son referidas exactamente ao número de empresas, senón aos códigos de conta de cotización existentes en cada provincia a 31 de decembro de 2007, agás nas cifras relativas ao Réxime Especial do Mar do que a súa contabilización corresponde a empresarios independentemente dos códigos ou embarcacións coas que contén. Isto supón que non coinciden, nos demais réximes, as cifras coa consideración de empresas ou centros de traballo, xa que un código pode ter varios centros de traballo e as empresas poden ter varios códigos.

No cadro 6.1, ofrécese o dato estático do número de empresas a 31 de decembro de 2007 que, aínda coas salvidades antes apuntadas, permite extraer algunha conclusión.

Obsérvase que no ano 2007, agás no réxime especial do mar, increméntanse as cifras de empresas en alta, reflectíndose globalmente unha cifra lixeiramente superior á do ano anterior.

■ Cadro 6.1

Empresas en alta. Por réximes. Galicia. 2006-2007

	Réxime Xeral		Réximes especiais						Mar ⁽¹⁾		Total	
	2006	2007	Agrario		Emp. Fogar		Minería Carbón		2006	2007	2006	2007
			2006	2007	2006	2007	2006	2007				
A Coruña	40.415	41.008	409	393	4.951	5.113	1	2	974	1.003	46.750	47.519
Lugo	13.456	13.517	499	555	1.288	1.267	0	0	216	217	15.459	15.556
Ourense	12.144	12.215	111	108	1.377	1.364	0	0	0	0	13.632	13.687
Pontevedra	37.068	37.662	288	269	3.756	3.833	0	0	1.737 ⁽²⁾	1.710 ⁽²⁾	41.854	43.474
Galicia	103.083	104.402	1.307	1.325	11.372	11.577	1	1	3.027	2.930	117.695	120.236

Elaboración propia

(1) As cifras deste réxime corresponden a empresarios/as independentemente dos códigos conta de cotización que teñan

(2) Inclúe as empresas dependentes do ISM-Dirección Provincial de Vilagarcía-das que parte corresponden á Coruña. Todos os datos a 31 de decembro

Todos os datos a 31 de decembro

Fuentes: Tesourería Xeral da Seguridade Social e Instituto Social da Mariña

Nos cadros 6.2 e 6.3, con datos extraídos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e referido ao Réxime Xeral, agrúpase nunha única conta de cotización á Seguridade Social a un colectivo de traballadores/as pertencentes a unha mesma empresa que desenvolven a súa actividade laboral nunha mesma provincia e que teñen características homoxéneas fronte á cotización, agrupando nunha única unidade -empresa- a todas as contas co mesmo Número de Identificación Fiscal. O tamaño de cada empresa obtívose en función do número de traballadores/as da empresa en cada unidade territorial, independentemente do tamaño da empresa a nivel nacional. Agrúpanse así mesmo por tamaño das empresas e segundo o tipo de estas podéndose observar nas cifras o importante número de empresas de pequeno tamaño, que supón que o 86,60% das empresas teñen menos de 10 traballadores/as, e a ocupación elevada de traballadores/as en empresas a titularidade das cales corresponde a persoas xurídicas.

■ Cadro 6.2

Empresas. Por tamaño e provincia de radicación dos seus centros de traballo. Réxime Xeral. Galicia. 2007

	De 1 a 2 trab.	De 3 a 5 trab.	De 6 a 9 trab.	De 10 a 25 trab.	De 26 a 49 trab.	De 50 a 249 trab.	De 250 a 499 trab.	De 500 a 999 trab.	1000 e máis trab.	Total
A Coruña	19.765	8.137	3.537	3.331	1.082	756	63	25	21	36.717
Lugo	6.705	2.850	1.150	1.017	287	166	8	7	3	12.193
Ourense	6.043	2.420	955	882	243	159	15	7	3	10.727
Pontevedra	17.684	7.768	3.406	3.079	993	604	58	16	13	33.621
Galicia	48.707	20.259	8.625	7.729	2.419	1.614	135	64	49	89.601

A suma do número de empresas por provincia non coincide necesariamente co total de Galicia, por canto unha mesma empresa pode ter centros de traballo en máis dunha provincia

Datos a 31 de decembro

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Anuario 2007

■ Cadro 6.3

Empresas e traballadores/as segundo tipo de empresa. Por provincias. Galicia. 2007

	Empresas			Traballadores/as (en miles)		
	Persoa física	Persoa Xurídica	Total	Persoa física	Persoa xurídica	Total
A Coruña	14.057	22.660	36.717	30,4	303,6	334,0
Lugo	5.343	6.850	12.193	11,8	72,6	84,5
Ourense	4.211	6.516	10.727	8,6	71,0	79,6
Pontevedra	11.798	21.823	33.621	25,1	260,1	285,1
Galicia	35.277	54.324	89.601	75,9	707,2	783,2

A suma do número de empresas por provincia non coincide necesariamente co total de Galicia, por canto unha mesma empresa pode ter centros de traballo en máis dunha provincia

Datos a 31 de decembro de 2006

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Anuario 2007

6.1.2. Apertura de centros de traballo

Inclúense os cadros 6.4 e 6.5 relativos ás comunicacións de aperturas de centros de traballo, na súa acepción laboral, como unidade produtiva con organización específica que, polo tanto, non poden ser tomados conceptualmente como empresas, xa que estas poden ter un ou varios centros de traballo. Por outra banda, a falta de comunicación dos cesamentos dos centros de traballo, unha vez amortizados os cadros de persoal, impiden coñecer o dato máis preciso do total neto de centros de traballo creados nun período. En consecuencia, estas cifras refírense a aquelas comunicacións de apertura de centros de traballo que, con carácter preceptivo, realizan as empresas.

Sen extraer conclusións, dado o aleatorio das cifras, podemos observar que, en 2007, o sector de construción é o que maior número de centros de traballo abre, supoñendo máis do 59% do total, e, con gran diferenza, o que reflicte máis traballadores/as ocupados, coas reservas con que debe ser tomado este dato, xa que as obras sucesivas provocan unha repetición na contabilización dos produtores/as. Análizase a continuación por actividades económicas e provincias, referidos a centros de traballo e traballadores/as rexistrados por CNAE.

Examinando a evolución en relación cos anos anteriores (cadro 6.6), vemos que as cifras de aperturas de centros de traballo increméntanse en relación co ano anterior; observándose que, lóxicamente, o aumento de centros supón a elevación das cifras de traballadores/as ocupados/as.

Aperturas de centros de traballo. Galicia. 2006

■ Cadro 6.4

Actividade CNAE 93	Datos do centro de traballo					Traballadores/as ocupados/as		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	256	4	0	4	264	832	258	1.090
B	27	0	0	0	27	25	6	31
C	23	1	0	0	24	95	15	110
D	670	9	6	42	727	2.378	724	3.102
E	24	0	1	0	25	72	12	84
F	12.338	140	10	87	12.575	70.275	1.389	71.664
G	2.459	78	17	119	2.673	2.313	3.017	5.330
H	1.259	86	4	24	1.373	760	1.451	2.211
I	380	10	1	18	409	992	375	1.367
J	180	3	0	22	205	249	184	433
K	1.338	20	0	98	1.456	1.862	1.996	3.858
L	4	0	0	5	9	49	43	92
M	168	6	2	6	182	235	447	682
N	236	1	0	21	258	172	353	525
O	560	9	1	30	600	383	652	1.035
P	6	0	0	0	6	0	2	2
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	19.928	367	42	476	20.813	80.692	10.924	91.616

Códigos da rama de actividade económica segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 93)

A Agricultura, gandería, caza e silvicultura

B Pesca

C Industrias extractivas

D Industrias manufactureiras

E Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga

F Construción

G Comercio: reparación de vehículos de motor, motocicletas, ciclomotores, artigos persoais e de uso doméstico

H Hostalaría

I Transporte, almacenamento e comunicacións

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

J Intermediación financeira

K Actividades inmobiliarias e de aluguer: servizos empresariais

L Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria

M Educación

N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais

O Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade: servizos persoais

P Fogares que empregan persoal doméstico

Q Organismos extraterritoriais

Aperturas de centros de traballo. Por provincias. Galicia. 2007

■ Cadro 6.5

A Coruña Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores/as ocupados/as		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	57	1	0	1	59	289	109	398
B	10	0	0	0	10	15	2	17
C	7	0	0	0	7	26	2	28
D	235	3	1	5	244	801	299	1.100
E	7	0	0	0	7	24	8	32
F	5.350	85	4	21	5.460	30.931	578	31.509
G	792	29	5	23	849	1.036	1.106	2.142
H	429	19	0	6	454	330	558	888
I	121	5	0	6	132	433	182	615
J	52	2	0	7	61	131	69	200
K	564	10	0	29	603	1.009	850	1.859
L	1	0	0	0	1	3	2	5
M	70	1	2	3	76	89	220	309
N	111	0	0	7	118	117	195	312
O	200	6	0	5	211	200	285	485
P	0	0	0	0	0	0	0	0
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	8.006	161	12	113	8.292	35.434	4.465	39.899

■ Cadro 6.5
(continuación)

Aperturas de centros de traballo. Por provincias. Galicia. 2007

Lugo Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores/as ocupados/as		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	107	0	0	0	107	256	36	292
B	1	0	0	0	1	0	2	2
C	4	0	0	0	4	25	2	27
D	96	1	0	2	99	236	56	292
E	7	0	0	0	7	22	2	24
F	1.566	18	1	8	1.593	9.542	196	9.738
G	354	4	0	6	364	249	327	576
H	180	13	0	3	196	120	212	332
I	56	0	0	3	59	70	24	94
J	33	0	0	2	35	12	27	39
K	138	1	0	4	143	193	141	334
L	1	0	0	0	1	2	7	9
M	26	1	0	0	27	78	136	214
N	32	0	0	3	35	25	48	73
O	67	0	0	4	71	26	65	91
P	0	0	0	0	0	0	0	0
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	2.668	38	1	35	2.742	10.856	1.281	12.137

Ourense Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores/as ocupados/as		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	10	0	0	2	12	32	0	32
B	0	0	0	0	0	0	0	0
C	3	1	0	0	4	42	11	53
D	34	0	0	2	36	73	20	93
E	0	0	0	0	0	0	0	0
F	1.158	11	0	9	1.178	7.116	142	7.258
G	151	4	0	5	160	113	158	271
H	90	6	1	3	100	47	84	131
I	7	0	0	2	9	32	6	38
J	13	0	0	3	16	23	17	40
K	95	1	0	5	101	126	165	291
L	0	0	0	0	0	0	0	0
M	15	0	0	0	15	54	46	100
N	13	0	0	3	16	12	19	31
O	42	0	0	1	43	23	44	67
P	1	0	0	0	1	0	0	0
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	1.632	23	1	35	1.691	7.693	712	8.405

Aperturas de centros de traballo. Por provincias. Galicia. 2007
■ Cadro 6.5
(continuación)

Pontevedra Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores/as ocupados/as		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	82	3	0	1	86	255	113	368
B	16	0	0	0	16	10	2	12
C	9	0	0	0	9	2	0	2
D	305	5	5	33	348	1.268	349	1.617
E	10	0	1	0	11	26	2	28
F	4.264	26	5	49	4.344	22.686	473	23.159
G	1.162	41	12	85	1.300	915	1.426	2.341
H	560	48	3	12	623	263	597	860
I	196	5	1	7	209	457	163	620
J	82	1	0	10	93	83	71	154
K	541	8	0	60	609	534	840	1.374
L	2	0	0	5	7	44	34	78
M	57	4	0	3	64	14	45	59
N	80	1	0	8	89	18	91	109
O	251	3	1	20	275	134	258	392
P	5	0	0	0	5	0	2	2
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	7.622	145	28	293	8.088	26.709	4.466	31.175

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Aperturas de centros de traballo e traballadores/as ocupados/as. Evolución. Galicia. 1997-2007
■ Cadro 6.6

	Datos do centro de traballo					Traballadores/as ocupados/as		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
1997	9.112	388	42	435	9.977	19.229	7.094	26.323
1998	9.817	443	38	443	10.741	22.794	7.797	30.591
1999	10.314	476	49	443	11.282	30.516	7.676	38.192
2000	10.746	347	22	407	11.522	35.055	8.548	43.603
2001	11.843	430	29	495	12.797	40.804	8.594	49.398
2002	11.643	419	50	511	12.623	40.935	7.668	48.603
2003	13.074	429	48	528	14.079	47.309	8.557	55.866
2004	14.480	402	52	555	15.489	52.836	8.564	61.400
2005	16.985	484	69	633	18.171	65.437	10.325	75.762
2006	18.343	557	44	607	19.551	72.347	11.802	84.149
2007	19.928	367	42	476	20.813	80.692	10.924	91.616

Elaboración propia

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais

6.2. Afiliacións e altas na Seguridade Social

6.2.1. Introducción

Os datos que proporcionan as altas dos traballadores/as á Seguridade Social constitúen unha importante ferramenta de traballo para a análise da configuración laboral da comunidade autónoma, permitindo ademais, pola súa desagregación en réximes especiais, obter información de certo detalle nas actividades do mar, agrario e autónomos. Así mesmo, a Tesourería Xeral da Seguridade Social constituíu

unha nova base de datos do total de traballadores/as afiliados/as por sectores de actividade de indubidable valor.

Convén precisar que por traballadores/as afiliados/as e en alta enténdese ademais dos que traballan pola súa conta, todos aqueles que, nun momento determinado, se atopan ao servizo da empresa, e polos que esta cotiza, se ben, o número de afiliados/as non se corresponde necesariamente co de traballadores/as, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar; é dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, sexa porque teña varias actividades nun mesmo réxime, ou en varios. A afiliación e a alta na Seguridade Social é obrigatoria para todo traballador en activo por conta allea, ou que desempeñe o exercicio de calquera actividade de carácter autónomo, coa exclusión dun reducidísimo número de profesionais liberais. Tamén se asimilan ás situacións en alta, a incapacidade temporal, o desemprego na modalidade de pago delegado e a situación de suspensión por regulación de emprego.

Non obstante, as cifras que proporciona o chamado “sistema da Seguridade Social” non comprenden a todos os traballadores/as, xa que quedan fóra os cotizantes á Mutualidade de Funcionarios/as da Administración Civil do Estado (MUFACE), os integrados no Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e os afiliados/as á Mutualidade Xeral de Xustiza (MUGEJU).

6.2.2. A evolución a medio prazo

Da análise dos datos a medio prazo, 1985-2007 (cadro 6.7), obsérvase que, no total galego, existen dunha data a outra 368.200 novos/as cotizantes, pero que dito aumento prodúcese significativamente nas provincias da Coruña en 177.900 e Pontevedra en 159.000; en moi pequena medida –soamente 17.700 altas máis– na de Ourense, e 11.600 na de Lugo.

O dato de maior relevancia é, como xa sinalabamos nos informes de anos pasados, xunto co espectacular aumento do número de afiliados/as en alta nos anos 1998 e 1999, o descenso no cómputo xeral do período do número de traballadores/as en alta pertencentes ao Réxime Agrario, que pasan no total de Galicia de 205.600 en 1985 a 52.900 en 2007, o que supón, por conseguinte, un descenso de 152.700 altas, o 74,27% dos traballadores/as agrarios galegos de 1985 e case tres veces os actuais.

Convén destacar tamén que o Réxime Xeral, onde se inclúen os asalariados/as do sector industrial, da construción e dos servizos, experimenta nese período un incremento de 465.500 cotizantes, é dicir, dos 315.500 afiliados en 1985 aos 781.000 en 2007, pasando de representar un 44,94% do total das altas en 1985 a un 72,98%, aínda así a certa distancia do 76,79% que constitúe dita proporción no total español.

A diminución nestes últimos anos dos traballadores/as afiliados e en alta pertencentes ao Réxime Especial Agrario supón que, na Comunidade Autónoma Galega, o peso do citado réxime pasa do 29,29% do total de afiliados/as que representaba en 1985, ao 4,94% en 2007, acurtando diferenzas ano a ano e xa nestes tres últimos anos a par co termo medio estatal.

**Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Réximes Xeral e Agrario, e total.
Galicia/España. 1985/1991/2003 a 2007**

■ Cadro 6.7

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985 ⁽¹⁾	R. Xeral	133,8	34,8	36,5	110,4	315,5	6.434,3
	Agrario	60,0	63,2	37,7	44,7	205,6	1.660,2
	Total ⁽²⁾	265,4	120,8	93,6	222,2	702,0	10.561,8
1991	R. Xeral	188,5	50,1	52,2	161,4	452,2	8.786,6
	Agrario	43,2	41,7	20,2	26,5	131,7	1.339,9
	Total ⁽²⁾	307,4	115,9	94,8	259,2	777,3	12.648,3
2003	R. Xeral	283,6	71,9	70,0	242,2	667,7	12.472,6
	Agrario	22,3	23,8	7,0	11,6	64,7	1.134,2
	Total ⁽²⁾	388,0	121,5	101,9	335,7	947,1	16.613,6
2004	R. Xeral	292,2	73,3	71,2	249,5	686,9	12.888,0
	Agrario	21,6	22,9	6,5	11,0	62,2	1.085,9
	Total ⁽²⁾	399,3	123,2	103,3	344,5	970,3	17.081,8
2005	R. Xeral	303,1	76,2	72,9	259,1	711,3	13.488,9
	Agrario	20,6	21,7	6,0	10,3	58,6	1.043,8
	Total ⁽²⁾	411,4	125,7	105,2	355,5	997,7	17.835,4
2006	R. Xeral	317,4	80,0	75,9	271,5	744,8	14.161,8
	Agrario	19,6	20,7	5,5	9,7	55,5	999,2
	Total ⁽²⁾	426,9	129,0	108,1	368,5	1.032,5	18.596,3
2007	R. Xeral	332,5	83,6	79,0	285,8	781,0	14.706,8
	Agrario	18,9	19,8	5,1	9,1	52,9	3.842,7
	Total ⁽²⁾	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,2	19.152,3

Medias anuais en miles de persoas

(1) Non se inclúen os/as afiliados/as aos réximes especiais existentes nesa época de Representantes de Comercio, Artistas, Toureiros, Escritores/as de libros e Futbolistas (a incidencia é moi pequena)

(2) O total inclúe, ademais dos reseñados, os do Mar, Autónomos, Empregados/as do Fogar e Minería do Carbón

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

Para o total dos afiliados/as, a provincia da Coruña, con 177.900 altas máis no período que analizamos, experimenta o maior aumento, seguida da de Pontevedra, con 159.000. Ourense medra o total de activos nunha contía moi pequena –17.700–, e Lugo en 2007 ten 11.600 afiliados/as máis. A escasa diferenza destas dúas últimas provincias vén dada por mor do descenso dos activos agrarios, xa que, tanto Lugo como Ourense aumentan significativamente o número de altas do Réxime Xeral, mantendo xa, a partir de 1986 en Ourense e 1989 en Lugo, a diferenza do sucedido ata ditas datas, un maior número de traballadores/as do citado Réxime Xeral que do Agrario.

6.2.3. Análise dos oito últimos anos

Da análise dos datos correspondentes a estes últimos oito anos (cadro 6.8), constátase que despois dos importantes aumentos das afiliacións nos anos 1998 e 1999 (subidas de 31.900 e 36.900), experimentábase un descenso apreciable sobre a subida de ditos anos no período que vai de 2000 a 2002, con aumentos interanuais de 28.900, 24.200 e 19.600, respectivamente e 23.200, a mesma cifra de altas nos anos 2003 e 2004. No ano 2005 o aumento interanual é maior: 27.400, continúa á alza en 2006: 34.800 e increméntase no maior aumento destes últimos anos en 37.700 no ano 2007.

Seguindo a tónica de anos anteriores durante 2007 continúa o descenso importante dos activos agrarios, se ben neste último ano en menor medida: 2.600

para o total galego, diminuíndo, se ben moi lixeiramente, os correspondentes ao Réxime do Mar. Pola contra, aumentan significativamente os traballadores/as en alta do Réxime Xeral, 183.000 comparando 2000 con 2007, e no de autónomos en 27.000, cunha notable subida nos tres últimos, e moi similar cada un dos outros anos na comparación das mesmas datas.

■ Cadro 6.8

Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Por réximes. Galicia/España. 2000-2007

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2000	R. Xeral	252,8	65,5	64,5	215,2	598,0	11.106,1
	Mar	7,6	2,3	0,0	20,9	30,8	79,1
	Agrario	25,3	26,6	9,2	13,7	74,7	1.139,7
	Autónomos	65,9	21,3	22,6	53,7	163,5	2.568,8
	Outros	5,7	1,6	1,9	3,9	13,1	169,2
	Total	357,3	117,3	98,2	307,4	880,1	15.062,9
2001	R. Xeral	265,3	67,7	66,7	225,2	625,0	11.673,4
	Mar	7,5	2,3	0,0	20,5	30,3	78,1
	Agrario	24,1	25,4	8,3	12,8	70,6	1.127,6
	Autónomos	66,6	21,5	22,6	54,6	165,3	2.614,9
	Outros	5,5	1,7	2,0	4,0	13,1	155,9
	Total	369,0	118,6	99,6	317,1	904,3	15.649,9
2002	R. Xeral	274,2	69,3	68,5	234,3	646,3	12.079,3
	Mar	7,4	2,3	0,0	20,1	29,8	76,4
	Agrario	23,0	24,5	7,5	12,0	67,1	1.123,5
	Autónomos	66,9	21,4	22,5	55,7	166,6	2.656,2
	Outros	6,0	1,8	2,2	4,2	14,1	190,9
	Total	377,5	119,3	100,7	326,3	923,9	16.126,3
2003	R. Xeral	283,6	71,9	70,0	242,2	667,7	12.472,6
	Mar	7,3	2,3	0,0	19,9	29,6	75,8
	Agrario	22,3	23,8	7,0	11,6	64,7	1.134,2
	Autónomos	68,6	21,6	22,7	57,5	170,4	2.732,9
	Outros	6,2	1,9	2,2	4,5	14,7	198,1
	Total	388,0	121,5	101,9	335,7	947,1	16.613,6
2004	R. Xeral	292,9	73,3	71,2	249,5	686,9	12.888,0
	Mar	7,4	2,3	0,0	19,4	29,0	74,5
	Agrario	21,6	22,9	6,5	11,0	62,2	1.085,9
	Autónomos	71,2	22,4	23,2	59,9	176,7	2.840,4
	Outros	6,2	2,3	2,4	4,7	15,5	193,0
	Total	399,3	123,2	103,3	344,5	970,3	17.081,8
2005	R. Xeral	303,1	76,2	72,9	259,1	711,3	13.488,9
	Mar	7,2	2,3	0,0	18,8	28,3	72,8
	Agrario	20,6	21,7	6,0	10,3	58,6	1.043,8
	Autónomos	73,3	23,1	23,6	61,9	181,9	2.935,0
	Outros	7,2	2,4	2,7	5,4	17,6	294,9
	Total	411,4	125,7	105,2	355,5	997,7	17.835,4
2006	R. Xeral	317,4	80,0	75,9	271,5	744,8	14.161,8
	Mar	7,0	2,2	0,0	18,0	27,2	71,7
	Agrario	19,6	20,7	5,5	9,7	55,5	999,2
	Autónomos	75,1	23,6	24,0	63,6	186,3	3.018,7
	Outros	7,8	2,5	2,7	5,7	18,7	344,9
	Total	426,9	129,0	108,1	368,5	1.032,5	18.596,3
2007	R. Xeral	332,5	83,6	79,0	285,8	781,0	14.706,8
	Mar	6,9	2,2	0,0	17,1	26,2	70,7
	Agrario	18,9	19,8	5,1	9,1	52,9	968,9
	Autónomos	77,0	24,0	24,3	65,2	190,5	3.121,7
	Outros	8,0	2,8	2,9	6,0	19,6	284,2
	Total	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,2	19.152,3

Medias anuais en miles

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

6.2.4. Traballadores/as afiliados/as por sexo e réxime

No cadro 6.9 inclúense os datos de afiliados/as en Galicia por sexo e réxime referentes neste caso non á media anual como se reflicten no resto dos cadros senón a decembro do ano correspondente.

■ Cadro 6.9 Traballadores/as afiliados/as e en alta. Por réximes e sexos. Galicia. 1998/2005-2007

		Agrario		Mar		Autónomos		Xeral e do Carbón		Empreg. do Fogar		Total	
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
A Coruña	1998	10.733	16.807	6.496	888	40.334	21.867	146.404	85.335	112	5.367	204.079	130.264
	2005	7.146	12.916	5.355	1.990	46.256	27.784	174.800	130.401	211	7.375	233.768	180.466
	2006	6.793	12.579	5.075	1.974	47.244	28.657	182.400	139.665	200	7.545	241.712	190.420
	2007	6.339	11.853	5.073	1.961	48.360	29.443	186.924	147.036	194	7.883	246.890	198.176
Lugo	1998	12.600	15.945	2.031	218	13.772	6.452	39.752	20.598	24	1.476	68.179	44.689
	2005	9.156	12.037	1.853	260	15.209	8.101	45.045	32.285	54	2.482	71.317	55.165
	2006	8.829	11.536	1.906	248	15.434	8.308	46.735	34.686	49	2.582	72.953	57.360
	2007	8.529	10.941	1.808	249	15.650	8.489	47.656	36.835	47	2.674	73.690	59.188
Ourense	1998	3.547	7.314	0	0	15.017	6.842	38.148	21.480	26	1.695	56.738	37.331
	2005	1.784	3.916	0	0	15.772	7.984	42.167	31.115	57	2.722	59.780	45.737
	2006	1.742	3.625	0	0	15.940	8.187	43.625	33.086	51	2.745	61.358	47.643
	2007	1.654	3.294	0	0	16.020	8.324	44.460	35.142	54	2.799	62.188	49.559
Pontevedra	1998	5.068	10.115	15.992	4.043	33.418	17.780	126.038	66.932	54	3.671	180.570	102.541
	2005	3.158	6.822	12.788	5.350	39.470	23.159	153.196	104.875	130	5.571	208.742	145.777
	2006	2.977	6.409	12.367	5.115	40.248	23.805	159.650	113.635	115	5.813	215.537	154.777
	2007	2.724	6.013	11.528	4.883	41.283	24.517	163.633	121.476	106	6.032	219.274	162.921
Galicia	1998	31.948	50.181	24.519	5.149	102.541	52.941	350.342	194.345	216	12.209	509.566	314.825
	2005	21.244	35.691	19.996	7.600	116.707	67.028	415.208	298.676	452	18.150	573.607	427.145
	2006	20.341	34.149	19.348	7.337	118.866	68.957	432.410	321.072	415	18.685	591.560	450.200
	2007	19.246	32.101	18.409	7.093	121.313	70.773	442.673	340.489	401	19.388	602.042	469.844

Elaboración propia

Datos a decembro de cada ano

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

Consoante cos datos que proporciona a Seguridade Social traballan en 2007 en Galicia máis homes que mulleres, 602.042, o 56,16% de varóns, fronte a 469.844, o 43,84% de mulleres. Por provincias, mantense unha proporción moi similar ao total galego; por réximes hai moitas diferenzas. En efecto, as mulleres son maioría esmagadora no Réxime de Empregados do Fogar (19.388 afiliadas por só 401 varóns en alta); tamén son maioría no Réxime Agrario, representando o 62,52% do total, sendo máis alta dita porcentaxe nas provincias de Ourense e Pontevedra (o 66,57% e o 68,82%, respectivamente). En troques, no Réxime do Mar traballan 18.409 homes, case tres veces máis das 7.093 mulleres en alta cunha clara tendencia neste réxime á diminución dos afiliados varóns e pequeno aumento das mulleres; os 121.313 varóns afiliados ao Réxime de Autónomos constitúen practicamente o dobre das mulleres en alta en dito réxime e no Xeral os máis de 442.000 traballadores masculinos supoñen o 55,95% dos afiliados. En termos globais é de destacar que o maior aumento, tanto porcentual como en contía total dos nove últimos anos, prodúcese no colectivo das mulleres que recorta, por tanto, as diferenzas con respecto ao total dos afiliados masculinos.

6.2.5. Traballadores/as afiliados/as por tramos de idade e sexo

No cadro 6.10 contéplanse os datos provinciais e galegos do número de afiliados/as en alta a 31 de decembro dos anos 2005 a 2007 por tramos de idade, o primeiro de 16 a 19 anos e os restantes en tramos de cinco anos, salvo o derradeiro dos de máis de 65 anos, especificados tamén por sexos. Como pode apreciarse o maior volume de afiliados/as en Galicia a decembro de 2007 encontrase no intervalo de 30 a 34 anos, se ben a moi pouca distancia dos de 35 a 39 e dos de 25 a 29. Tanto os homes como as mulleres tamén teñen o seu maior número de cotizantes no tramo de 30 a 34. Por provincias tanto A Coruña como Pontevedra e Ourense manteñen o maior número de afiliados no mesmo tramo do total de Galicia, en Lugo o volume maior é no intervalo de 45 a 49 anos.

Cadro 6.10 Afiliados/as e en alta laboral por tramos de idade e sexo. Galicia. 2005-2007

Tramos de idade	Sexo	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			TOTAL GALICIA		
		2005	2006	2007	2005	2006	2007	2005	2006	2007	2005	2006	2007	2005	2006	2007
16-19 anos	Homes	3.367	3.446	3.402	1.093	1.071	1.085	954	934	939	3.888	3.933	3.998	9.302	9.384	9.424
	Mulleres	1.357	1.544	1.524	416	442	444	409	392	415	1.529	1.639	1.849	3.711	4.017	4.232
	Total	4.724	4.990	4.926	1.509	1.513	1.529	1.363	1.326	1.354	5.417	5.572	5.847	13.013	13.401	13.656
20-24 anos	Homes	16.898	16.702	16.287	4.653	4.739	4.768	3.975	3.962	3.907	15.789	15.774	15.374	41.315	41.177	40.336
	Mulleres	13.264	13.241	13.159	3.308	3.390	3.487	2.957	2.853	2.961	11.519	11.762	11.768	31.048	31.246	31.375
	Total	30.162	29.943	29.446	7.961	8.129	8.255	6.932	6.815	6.868	27.308	27.536	27.142	72.363	72.423	71.711
25-29 anos	Homes	30.757	30.967	30.631	7.881	8.124	7.929	6.674	6.760	6.609	27.960	28.108	27.260	73.272	73.959	72.429
	Mulleres	27.472	28.065	28.402	6.644	6.723	6.790	5.889	5.916	5.892	23.223	23.702	23.807	63.228	64.406	64.891
	Total	58.229	59.032	59.033	14.525	14.847	14.719	12.563	12.676	12.501	51.183	51.810	51.067	136.500	138.365	137.320
30-34 anos	Homes	34.629	36.194	37.218	8.767	9.125	9.296	7.553	7.829	8.089	31.442	32.907	33.866	82.391	86.055	88.469
	Mulleres	28.353	30.571	32.177	7.014	7.502	7.819	6.148	6.591	7.099	23.471	25.934	27.424	64.986	70.598	74.519
	Total	62.982	66.765	69.395	15.781	16.627	17.115	13.701	14.420	15.188	54.913	58.841	61.290	147.377	156.653	162.988
35-39 anos	Homes	32.672	34.251	35.352	9.567	9.617	9.515	8.032	8.276	8.259	29.773	31.054	31.826	80.044	83.198	84.952
	Mulleres	25.193	27.113	28.367	7.325	7.623	7.884	5.859	6.272	6.466	20.131	21.965	23.842	58.508	62.973	66.559
	Total	57.865	61.364	63.719	16.892	17.240	17.399	13.891	14.548	14.725	49.904	53.019	55.668	138.552	146.171	151.511
40-44 anos	Homes	31.118	31.815	32.684	10.022	10.071	10.138	8.052	8.049	8.210	26.268	27.295	28.374	75.460	77.230	79.406
	Mulleres	22.701	24.406	25.853	7.545	7.835	8.121	5.912	6.243	6.559	17.596	18.910	20.402	53.754	57.394	60.935
	Total	53.819	56.221	58.537	17.567	17.906	18.259	13.964	14.292	14.769	43.864	46.205	48.776	129.214	134.624	140.341
45-49 anos	Homes	28.945	30.172	30.808	9.851	10.154	10.295	7.936	8.330	8.432	24.256	25.130	25.690	70.988	73.786	75.225
	Mulleres	20.968	22.117	23.122	7.071	7.626	8.032	5.828	6.195	6.531	16.594	17.444	18.390	50.461	53.382	56.075
	Total	49.914	52.289	53.930	16.922	17.780	18.327	13.764	14.525	14.963	40.850	42.574	44.080	121.450	127.168	131.300
50-54 anos	Homes	23.022	24.538	25.520	8.176	8.596	8.872	6.705	7.021	7.223	20.531	21.392	21.735	58.434	61.547	63.350
	Mulleres	1.668	18.159	19.144	5.865	6.307	6.649	4.803	5.176	5.404	13.097	14.245	15.303	25.433	43.887	46.500
	Total	40.020	42.697	44.664	14.041	14.903	15.521	11.508	12.197	12.627	33.628	35.637	37.038	99.197	105.434	109.850
55-59 anos	Homes	18.655	18.943	19.550	6.362	6.437	6.720	5.712	5.732	5.931	16.993	17.200	17.744	47.722	48.312	49.945
	Mulleres	13.725	14.015	14.706	5.090	5.049	5.188	4.285	4.326	4.463	10.541	10.681	11.242	33.641	34.071	35.599
	Total	32.380	32.958	34.256	11.452	11.486	11.908	9.997	10.058	10.394	27.534	27.881	28.986	81.363	82.383	85.544
60-64 anos	Homes	12.192	13.033	13.681	4.544	4.618	4.664	3.708	3.956	4.026	10.469	11.397	11.949	30.913	33.004	34.320
	Mulleres	9.253	9.907	10.346	4.521	4.482	4.396	3.195	3.235	3.307	6.913	7.346	7.769	23.882	24.970	25.818
	Total	21.445	22.940	24.027	9.065	9.100	9.060	6.903	7.191	7.333	17.382	18.743	19.718	54.795	57.974	60.138
Máis de 65 anos	Homes	1.492	1.634	1.744	393	397	403	473	502	554	1.326	1.317	1.445	3.684	3.850	4.146
	Mulleres	1.171	1.276	1.368	359	376	373	450	442	460	1.120	1.111	1.105	3.100	3.205	3.306
	Total	2.663	2.910	3.112	752	773	776	923	944	1.014	2.446	2.428	2.550	6.784	7.055	7.452

Elaboración propia

Datos a 31 de Decembro

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

6.2.6. Traballadores/as afiliados/as por sector de actividade

Segundo o cadro 6.11, extraído da información proporcionada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no que se contempla unha distribución dos traballadores/as afiliados/as polos sectores clásicos de actividade, a poboación afiliada galega sitúase maioritariamente no sector servizos, 666.000 afiliados en 2007 que representan o 62,23% do total, a máis de 6 puntos por baixo do 66,85% dos 12.803.800 que supoñen no global de España. Segue en importancia o sector da industria, onde se atopan en alta en 2007, 177.200 traballadores/as que constitúen o 16,56% dos afiliados/as galegos. No cómputo xeral español os dous millóns setecentos cinco mil cincocentos traballadores/as da industria representan unha porcentaxe do 14,13% do total de afiliados/as, máis de dous puntos inferior por tanto á galega.

No sector agrario, no que debemos incluír tamén o pesqueiro, están en alta 87.000 traballadores/as que constitúen o 8,13% dos afiliados/as galegos, mentres que o millón douscentos dous mil cen traballadores/as incluídos en dito sector a nivel estatal representan o 6,21% do total de afiliados/as españois.

Por último na construción no ano 2007 aumentan os traballadores/as en alta en Galicia na cifra de 5.500 activos situándose en 139.900 que supoñen o 13,07% do total de afiliados/as, superior en máis de un punto en termos porcentuais á que representan os dous millóns catrocentos cincuenta e catro mil cen afiliados/as de dito sector no total de España.

Traballadores/as afiliados/as en alta laboral. Por sector de actividade. Galicia/España. 2002-2007

■ Cadro 6.11

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Agrario	2002	31,9	27,7	9,2	32,8	101,6	1.298,3
	2003	31,4	27,1	8,8	32,5	99,7	1.314,6
	2004	30,8	26,5	8,3	31,7	97,4	1.273,0
